


IR  
MAN

100  
ANOS

DA FALA  
DE

**Sábado 28 de maio**

Santiago de Compostela



CONCELLO DE  
SANTIAGO

# CELEBRACIÓN DO CENTENARIO DA IRMANDADE DA FALA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O 28 de maio de 1916 tiña lugar, no Círculo Católico de Obreiros, a xuntanza fundacional da Irmandade da Fala de Santiago de Compostela. O seu presidente, o avogado e concelleiro “agrario” Luís Porteiro Garea, foi o encargado de pronunciar o discurso inaugural, no cal facía unha lectura da situación lingüística, política, económica, social e cultural de Galicia.

Este discurso, estruturado en 12 puntos, funcionará como o eixo vertebrador dos numerosos actos que se propoñen nesta xornada de celebración do centenario da Irmandade compostelá. Deste xeito, cada actividade [teatro, poesía, música, mesas redondas...] está vinculada coa temática dun punto concreto do discurso. Así pois, desde a interdisciplinabilidade e variedade das propostas conséguese facer unha releitura das palabras de Porteiro Garea que pon de manifesto a súa profunda actualidade.

## Puntos do discurso de Porteiro Garea:

- 1- Falar i escribir en galego, coma seipamos
- 2- O renacemento hispano, e a guerra
- 3- A concencia do noso pecado
- 4- Amar á Hespaña e á Galicia
- 5- A nosa posición no mundo
- 6- Cuestiós interiores. síntesis
- 7- O capital galego
- 8- A industria e o traballo
- 9- O dereito, xueces e notarios
- 10- O arte, a música galega
- 11- A crisis da nosa poesía
- 12- Ramón cabanillas

## Os espazos

Cada un dos espazos escollidos para desenvolver as actividades están relacionados coa historia de Luís Porteiro Garea e a Irmandade Compostelá. Así por exemplo, na rúa do Vilar estaba situado o Círculo Católico de Obreiros, en cuxo local se reuniu por primeira vez a Irmandade da Fala de Santiago; no actual Instituto Rosalía de Castro estaba situada, naquel momento, a Sociedade Económica de Amigos do País, quen se ofreceu a cederlle o local á Irmandade para as súas reunións; na Facultade de Filosofía estaba o Instituto onde estudou Porteiro Garea, etc.

## Asociacións colaboradoras

As asociacións compostelás Gentalha do Pichel, Asociación San Martiño Pinario e Asociación Cultural Cidade Vella de Compostela prestáronse a colaborar de maneira activa coa organización de diversas actividades.

## Difusión e comunicación do evento

Para a difusión da xornada repartiranse carteis e folletos (5000 unidades) pola cidade. Así mesmo, os bares pertencentes á Asociación Casco Vello difundirán esta xornada a través de posavasos impresos coa imaxe do centenario.

Tamén se fará unha páxina web na que se colgará información máis detallada do evento. Esta páxina tamén servirá de lugar para aloxar, posteriormente, as fotografías e os vídeos que se farán durante a xornada.

O propio día do centenario da Irmandade compostelá repartirase un facsímile (400 unidades) do *Discurso do Dr. Porteiro ó fundarse a Hirmandá en Santiago*, caderno de propaganda da Irmandade.

Ese día tamén se colocarán uns grandes paneis, en cada lugar onde hai algunha actividade, con información sobre dita acción pero tamén cos horarios e lugares do resto de actividades así como con un mapa e unha liña de tempo que axude á xente a estruturar o seu propio programa. Estes paneis tamén amosarán o extracto do discurso relacionado coa actividade en cuestión.

## DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES:

### 1. TEATRO. Ksado, por Inacio Vilariño

Lugar: Claustro de Fonseca, USC

Horarios: 12 / 17.20 / 18.20h Duración: 15 min. [aprox.]

**Ao tempo que prepara ao grupo de espectadores para a realización dunha foto colectiva o fotógrafo Ksado falaranos da súa relación con Porteiro Garea e coas Irmandades da Fala de Compostela.**

INACIO VILARIÑO é actor e director da compañía de marionetas Fantoques Baj coa que ten dirixido numerosos espectáculos relacionados coas letras galegas como *Titoán*, sobre a figura de Castelao; *PULP*, unha achega á poesía de Lois Pereiro; *O Asombro*, arredor do poeta Uxío Novoneyra ou a recente adaptación de *Os vellos non deben de namorarse* a teatro de monicreques.

### 2. MESA REDONDA. Galiza. Un proxecto de país para agora e para o futuro

Participan: Joám Lopes Facal • Teresa Moure Pereiro • Adrián Dios Vicente • Antón Gómez-Reino Varela

Colabora: Gentalha do Pichel

Lugar: Salón de actos da Facultade de Filosofía

Horario: 12 h

**Porteiro Garea aproveitou o discurso fundacional da Irmandade da Fala de Santiago de Compostela para facer un apelo ao pobo galego para que tomase o leme do seu destino. Unha simple pregunta, “e nós que?”, sintetiza perfectamente ese convite.**

**Hoxe, cen anos após daquel histórico discurso, a pregunta continúa a ser pertinente. Esta é a cuestión que as persoas participantes nesta mesa redonda tentarán responder. Cal é o vieiro que Galiza, o pobo galego, debe seguir para ser dona de seu?**

JOÁM LOPES FACAL é un economista e político galego. Desenvolveu unha intensa actividade sindical militando na clandestinidade en Galicia Socialista con Camilo Nogueira. Foi un dos dirixentes da Asemblea Popular Galega, integrándose despois no Partido Obreiro Galego. Foi deputado no Parlamento de Galicia polo PSG-EG. Traballa na análise da situación da economía galega e participa como docente en cursos máster da USC. Escribiu unha tese sobre o Banco Olimpio Pérez.

TERESA MOURE PEREIRO É doutora en Lingüística xeral e exerce a docencia nas Facultades de Filosofía e Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Nas eleccións Xerais de 2011 foi candidata do BNG ao Senado. Na súa obra literaria cultiva todos os xéneros: poesía, narrativa, teatro, ensaio e artigo xornalístico e ten sido traducida a diferentes linguas.

ADRIÁN DIOS VICENTE é licenciado en Economía, mestre en Desenvolvemento Económico e Innovación e doutorando de Migracións Internacionais e Cooperación ao Desenvolvemento na Universidade de Santiago de Compostela.

ANTÓN GÓMEZ-REINO VARELA é activista social e político. Foi un dos asinantes do Manifesto Mover Ficha, que iniciou o movemento do que xurdiu Podemos, e tamén un dos impulsores da Marea Atlántica. No 2015 encabezou a candidatura de En Marea ás eleccións xerais ao Congreso pola provincia da Coruña e foi elixido deputado.

### 3. MÚSICA. Concerto de Ricardo Parada

Lugar: Rúa do Vilar

Horario: 12.40 / 17 / 18 h Duración: 15 min. [aprox.]

**No punto terceiro do seu discurso Porteiro Garea chama á acción, advertindo que non podemos culpar aos de fóra dos nosos problemas. O cantautor Ricardo Parada fará unha pequena selección de cancións e poemas musicados que recollen este espírito dunha Galicia que quere empoderarse. Entre eles estará o poema que o vate Ramón Cabanillas lle adicou a Porteiro Garea e que leva por título o nome de “En pé”.**

### 4. TEATRO. María Miramontes, por Tero Rodríguez

Lugar: Vestíbulo do Teatro Principal

Horarios: 13 / 17.45 / 18.45h Duración: 15 min. [aprox.]

**María Miramontes, costureira e viúva de Ánxel Casal, lembrará a súa época como membro activo das Irmandades da Fala e o trágico destino de moitos dos seus integrantes.**

TERO RODRÍGUEZ é Licenciada en Filoloxía Galego-Portuguesa e en Arte Dramática pola Esad de Galicia na especialidade de Dirección de Escena. Ten traballado en labores de dirección ou como actriz en compañías como Cordayre, Nobicarelo, Lagarta Lagarta, Fantoche Baj... Desde hai 7 anos, forma parte do elenco e dirección de Os Quinquilláns e imparte obradoiros de interpretación en diferentes centros escolares da Galiza.

### 5. INTERVENCIÓN ARTÍSTICA. Pintura ao vivo, por Cestola na Cachola

Lugar: Praza de Cervantes

Horario: desde as 12 h

**A partir do texto de Porteiro Garea Xoana Almar e Miguel Peralta, integrantes da cooperativa Cestola na Cachola, farán unha pintura de gran formato ao vivo na praza de Cervantes. A técnica é acrílico sobre táboa.**

XOANA ALMAR e MIGUEL PERALTA coñecéronse na Escola de Arte de Granada facendo o Ciclo Superior de Ilustración no 2008, desde entón traballan xuntos no eido da pintura combinando a creación individual coa conxunta. No 2013 constituíron xunto a Raquel a cooperativa galega Cestola na Cachola, na que desenvolven a parte artística: murais, deseño de imaxes para estampar sobre roupa, ilustración de contos, carteis, pinturas, serigrafías...

### 6. INTERVENCIÓN ARTÍSTICA. Memorial, por Exclusivas M.B.G

Lugar: Cidade Histórica

Horario: todo o día

**“Memorial” é un proxecto gráfico de Exclusivas MBG para o casco vello de Santiago de Compostela con motivo da celebración do centenario da fundación da agrupación local das Irmandades da fala. Na xornada do 28 de maio colocaranse, en diferentes paredes da cidade vella de Compostela, unha serie de afiches cos retratos de diversas personalidades das Irmandades da fala.**

## 7. MESA REDONDA. O “capital” en Galicia hoxe: a herdanza das Irmandades da Fala

Participan: Rosa Mª Regueiro Ferreira • Xoán Ramón Doldán García Manuel • Jaime Barreiro Gil

Lugar: Instituto Rosalía de Castro

Horario: 12 h

**O capital non ten patria, nen ten corazón, pero ten diferentes facianas nas que amosarse: intelectual, humano, ambiental, enerxético, financeiro....**

**Desde as Irmandades da Fala ata os nosos días, case que se pode afirmar que o “capital” de Galicia non é galego, porque representa unha mesma forma de explotación pero con diferentes enfoques. Por qué o beneficio derivado dos investimentos realizados en Galicia marcha para fóra? Por qué non resulta o suficientemente atractiva Galicia para o capital galego?**

**Nesta mesa redonda vanse a expor argumentos e realidades identificativas da evolución do capital en Galicia, do capital en sentido económico amplo.**

ROSA Mª REGUEIRO FERREIRA é doutora en economía pola USC e profesora de economía aplicada na UDC e na Universidade Isabel I. Traballa en temas de desenvolvemento sostible inclusivo, sendo responsable científica dun proxecto Horizon 2020 sobre enerxía renovable no rural, membro da Rede Cost Energy da UE.

XOÁN RAMÓN DOLDÁN GARCÍA é profesor titular de economía aplicada da USC, traballa en temas de desenvolvemento sostible. Pertence á directiva da Rede de Economía Ecolóxica de España, e foi director do Instituto Energético de Galicia.

MANUEL JAIME BARREIRO GIL é profesor titular de historia económica da USC, ten unha ampla experiencia docente, e tamén de cargos públicos, sendo destacada o seu labor no ámbito das infraestruturas de transporte.

## 8. MONICREQUES. Parraceos, por Teatro da Ramboia

Lugar: Praza de Fonseca

Horario: 12.20 / 17 / 18 h Duración: 15 min. [aprox.]

**Nos mesmos anos nos que aparecían as Irmandades da Fala e Luís Porteiro Garea redactaba o seu discurso, cegos e titiriteiros percorrían Galicia cos seus sinxelos espectáculos de monicreques representando as farsas de cachiporra dos cristobos. Barriga Verde estaba aínda comezando a súa andaina e pronto substituiría esta outra denominación das marionetas tradicionais. Como posibles restos destas antigas representacións de monicreques quedan, no noso folclore, os chamados parrafeos. Anxo García, director do Teatro da Ramboia, recrea, para esta ocasión, a un antigo titiriteiro cos seus cristobos, inspirándose nos puntos sete (O capital) e oito (A industria e o traballo) do discurso pronunciado por Luís Porteiro Garea para crear o seu espectáculo.**

TEATRO DA RAMBOIA é unha compañía de espectáculos unipersonal creada coa intención de contrabandear ideas e imaxes a través das fronteiras existentes entre o teatro de marionetas e calquera outra forma de expresión.

## 9. CHARLA-COLOQUIO. Xustiza e fidelidade. O difícil tránsito á cooficialidade lingüística nos tribunais galegos

Participan: Dalila Dopazo Blanco • Luís Villares Naveira

Lugar: Paraninfo da Facultade de Xeografía e Historia

Horario: 17.30h

**Xustiza e fidelidade. Con estas palabras remata o noveno punto do Discurso fundacional da Irmandade da Fala de Santiago de Compostela pronunciado por Luís Porteiro Garea, reclamando aos seus o compromiso dos tribunais coa lingua galega para seren realmente portadores deses dous valores, ansiados por quen acode en busca de amparo a un xulgado.**

**Neste encontro darase conta do contexto da Xustiza no tempo das Irmandades, e de como a incorporación da lingua neste ámbito, xa reclamada polos ilustrados cento cincuenta anos antes cá Porteiro, segue a ser un soño inacabado na Galicia do século XXI.**

**Logo dunha breve contextualización histórica e do marco xurídico-lingüístico actual, Dalila Dopazo e Luís Villares relatarán a vida diaria do traballo en galego nun xulgado calquera do País, para demostrar a vixencia do discurso das Irmandades e a falta de compromiso institucional coa lingua, que impide vivir con normalidade democrática o feito lingüístico neste ámbito.**

**Para rematar, darase conta das iniciativas en marcha e dos recursos existentes para superar estas barreiras, amosando como o traballo ilusionante, constante e desinteresado de moita xente anónima erosiona a inercia desgaleguizadora da administración. É a vixencia do espírito irmandiño nos tempos que corren.**

**A exposición inicial terá unha duración aproximada de corenta minutos, tras a cal se abrirá un coloquio coa xente asistente.**

DALILA DOPAZO BLANCO é licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, onde obtivo tamén título de especialista en Dereito Civil de Galicia. Actualmente exerce como maxistrada no Xulgado do Social nº 3 de Lugo. É autora de diversos relatorios e artigos relacionados coa lingua e o dereito de Galicia. É membro fundadora da Irmandade Xurídica Galega, que aglutina a diferentes profesionais do mundo do dereito que pulan por acadar a efectividade real dos dereitos lingüísticos na administración de Xustiza e no tráfico xurídico ordinario en Galicia.

LUÍS VILLARES NAVEIRA é licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, onde obtivo o Diploma de Estudos Avanzados cunha investigación sobre Dereito de Consumo. Actualmente exerce a xurisdición na Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e é coordinador en Galicia da Asociación progresista Xuíces para a Democracia. É membro fundador da Irmandade Xurídica Galega.

## 10. MÚSICA.

Colabora: Asociación Cultural Cidade Vella de Compostela e Asociación San Martiño Pinarío

### Regueifas a dúo - Alba María e Luís Caruncho [regueifa e zanfona]

Lugar: Praza de Cervantes

Horario: 13.30 h

**Espectáculo a dúo dun veterán xa ben coñecido no mundo da improvisación oral coma Luís Correa “O Caruncho” canda a nova e excepcional xeración de regueifeiras da man de Alba María. Sobre cantinelas populares e repetitivas botan versos ao desafío improvisados para encandilar a unha audiencia sempre**

### **abraida das capacidades e enxeño destes cantores.**

ALBA MARÍA. Gañadora do I Concurso de Canción de Autor de Teo, grazas á organización do Certame, a Central Folque, e ao saber facer dun excelente elenco de músicos profesionais que a acompañaron, con só 19 anos, deu a luz a "Aínda", o seu primeiro disco. Ademais é unha excelente improvisadora, das poucas mulleres que regueifan no país, e gañadora de diversos concursos organizados pola Asociación ORAL de Vigo.

LUÍS CORREA "O CARUNCHO": É un dos músicos máis activos de Galicia, fundador do grupo "Os Carunchos" e gran impulsor da regueifa. Leva máis de trinta anos traballando na cultura popular sendo un referente no mundo da zanfona, sempre acompañando coa súa voz na interpretación de vellos romances e outros de creación propia. Dirixe a aula e o grupo de zanfona da Tradescola, escola de música tradicional de Lugo. Ademais, é membro activo dos grupos Os Folieiros, Zurrumalla, o coro galego Cantares de Brión, o dúo de zanfona Sobre Rodas e os regueifeiros Trioliro.

### **Escola VivAntes!** [baile e pandeiretas]

Lugar: Terraza de A GRAMOLA [San Paio de Antealtares-Pza dos Gatos]

Horario: 16.30h

A ESCOLA VIVANTES! nace en Compostela como iniciativa dun grupo de amigos e amigas con ganas de aprender e desfrutar da cultura tradicional galega desde unha perspectiva lúdica.

Na actualidade está dirixida por Noemí Basanta e Rebeca Tallón Armada, quen desde hai xa dous anos se esforzan por transmitir ao seu alumnado a importancia de cantar, tocar e bailar en calquera contexto sen renunciar á calidade técnica.

Esta escola constitúe o lugar de encontro para todas aquelas persoas que consideran que unha boa festa é aquela que se fai a ritmo de muiñeira.

### **Tis Che Tein + foliada libre**

Lugar: Terraza de A GRAMOLA [San Paio de Antealtares-Pza dos Gatos]

Horario: 17 h

Os TIS CHE TEIN son unha emerxente formación de músicos galegos que presentaron o seu proxecto no verán de 2012 na zona de Santiago de Compostela. Música de Galicia, Portugal, Francia, Irlanda, Escocia e Suecia conforman o seu repertorio. A reinvenção destas músicas é o obxectivo dos Tis Che Tein que, parindo das tradicións europeas achéganse dun xeito natural ás tendencias musicais atlánticas máis contemporáneas. O resultado é un son sincero, orgánico e envolvente.

### **Do Fondo Do Peto** [música tradicional]

Lugar: Terraza da CASA DAS CRECHAS [Vía Sacra]

Horario: 20 h

DO FONDO DO PETO arrinca a súa andaina en 2013 cun claro obxectivo: poñer no panorama musical aquelas pezas que foron quedando atrás á par de agrupacións que mantiveron a música tradicional galega viva e con dignidade.

Así, un elenco de persoas chegadas de comarcas tan diversas coma A Mariña, a Costa da Morte, a Ulla, o Condado e Compostela, xuntáronse para interpretar unha longa escolma do repertorio dos nosos coros históricos, recolleitas dos gaiteiros do país e pezas clave dos cuartetos tradicionais, dándolle a súa visión e



experiencia sen perder o rigor polas fontes orixinais das que tiran.

### Cantamadeira - Foliada [Folk]

Lugar: Terraza do LITERARIOS [Quintana de Vivos]

Horario: 22 h

CANTAMADEIRA é un grupo de música tradicional galega. Xesús Rodríguez á gaita, Xan Casas ao acordeón, Sole González ao bombo, Toño Vidal ao tamboril e Sonia Alfonsín á pandeireta conforman o elenco de Cantamadeira, todos con diferentes experiencias vitais pero unidos no afán de manter a tradición musical do país.

## 11-12. ACTO CENTRAL.

Lugar: Panteón de Galegos Ilustres. Igrexa de San Domingos de Bonaval

Horario: 19.30h

### Recital poético. Salvador García-Bodaño • Helena Villar Janeiro • Claudio Rodríguez Fer • Lucía Novas

SALVADOR GARCÍA-BODAÑO é poeta, narrador, crítico de arte, ensaísta, columnista de prensa... Santiago de Compostela foi a cidade onde se formou intelectualmente e na que vive. En plena ditadura franquista fundou, xunto a outros amigos e amigas galeguistas e nacionalistas, a Agrupación Cultural 'O Galo', que había de ser pioneira de todo un longo movemento de agrupacións creadas para a difusión da nosa cultura e da nosa lingua. A súa poesía reflicte ese vínculo co galeguismo e o seu compromiso con Galicia e o galego.

HELENA VILLAR JANEIRO é poeta e narradora. Como escritora cultiva varios xéneros, especialmente a poesía e a narración, adicando especial atención ao público infantil e xuvenil. Foi presidenta da Fundación Rosalía de Castro e tamén membro do Plenario do Consello da Cultura Galega.

CLAUDIO RODRÍGUEZ FER é poeta, narrador, ensaísta e profesor da Universidade de Santiago de Compostela. O seu longo labor pola recuperación da memoria histórica está recollido nas súas investigacións e publicacións ensaísticas pero tamén na súa poesía, pois os seus poemas son un berro pola dignificación da memoria das vítimas do fascismo, entre as que se atoparon moitos membros das Irmandades da Fala.

LUCÍA NOVAS é profesora no ensino secundario e escritora. Ten participado en obras colectivas homenaxe a membros do galeguismo como Alexandre Bóveda ou o editor e membro das Irmandades da Fala Ánxel Casal. Ademais, é a encargada da Antoloxía poética de Ramón Cabanillas publicada por Galaxia no 2009.

### Concerto de canto e piano: Ramón Cabanillas na música.

Participan: Joaquín Pixán [tenor] e Manuel Pacheco [piano]

**O tenor Joaquín Pixán e o pianista Alejandro Zabala publicaban, no 2001, un disco homenaxe ao poeta Ramón Cabanillas que leva por título "Ramón Cabanillas na música". Trátase dun maravilloso ramillete de cancións, compostas por grandes músicos, sobre os poemas do chamado "poeta da raza", interpretadas por dous artistas excepcionais. Neste recital a voz de Joaquín Pixán estará acompañada polo piano de Manuel Pacheco.**

JOAQUÍN PIXÁN ten unha longa carreira como cantante e xestor musical. Ten desenvolvido proxectos e colaboracións con persoas tan ilustres como Alfredo Kraus, Monserrat Caballé, ou directores como Jesús

López Cobos, Rafael Frühbeck de Burgos, Benito Lauret, Jorge Rubio, Miguel Roa e David Hill, entre outros. Destaca entre a súa discografía dous traballos adicados a dous poetas galegos: *Cantares Gallegos* e *Ramón Cabanillas na música*.

MANUEL PACHECO é natural de Villanueva de los Infantes [Ciudad Real]. Desempeñou o seu labor de pianista acompañante para a Escolanía do Escorial e a RealCapilla Escorialense. Actualmente é membro do comité organizador do Festival Internacional de Música Clásica de Villanueva de los Infantes, e integra o colectivo de compositores M14 CreaciónContemporánea.